

FÉLICITÉ

[Alain Gomis, 2017]

390

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 7, 12 e 18 de xuño | V.O.S.E.

Félicité (2017, 123')

Dirección: Alain Gomis

Guión: Alain Gomis, Olivier Loustau, Delphine Zingg

Elenco: Véro Tshanda Beya Mputu, Gaetan Claudia, Papi Mpaka, Nadine Ndebo, Elbas Manuana, Diplome Amekindra, Célestin Mokono, François Kasonga

Son: Benoit De Clerck

Música: The Kasaï Allstars

Montaxe: Alain Gomis, Fabrice Rouaud

Vestuario: Nadine Boucher, Emma Zola

Fotografía: Céline Bozon

Produtoras: Andolfi, Granit Films, Cinekap (Senegal, Bélxica, Francia, Alemaña, Líbano)

Distribuidora: Institut Français

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Lingala, francés

FILMOGRAFÍA

Today, 2012

Andalucía, 2007

Ahmed, 2006

Petite lumière, 2003 [curtametraxe]

L'afrance, 2001

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinale 2017 (Gran Premio do Xurado)

SINOPSE

Félicité canta nun club nocturno en Kinshasa, a capital da República Democrática do Congo. A súa vida cambia de raíz cando o seu fillo de 14 anos ten un terrible accidente de motocicleta e ela comeza unha busca frenética a través das rúas de Kinshasa, un mundo de música e soños. A súa obsesión: recadar diñeiro para a cirurxía do seu fillo. E no seu camiño crúzase con Tabu.

«Imaxínense unha mestura entre *Dous días, unha noite* e *Ladrón de bicicletas*, vernizada cun toque de documental etnográfico ao Jean Rouch, e captarán a mensaxe»

Sergi Sánchez, FOTOGRAMAS

Sesión realizada
en colaboración
coa Alliance Française
e Institut Français

af
Alliance Française

INSTITUT
FRANÇAIS
Espagne



NOCTURAMA

“Quixen render homenaxe á poboación dos barrios populares”

Entrevista con Alain Gomis

Por Esther Thwadi-Yimbu

Os personaxes principais dos teus anteriores filmes eran exclusivamente masculinos. Mudou a túa maneira de gravar ao ter unha muller como protagonista principal?

Non filmei de maneira diferente por ser unha muller o personaxe principal. Pero non era unha muller calquera, era Véro Tshanda Beya, cuxa imaxe era diferente da que tiña en mente cando escribín o filme. Ela impúxose a min, polas súas cualidades, a súa forza, a súa intelixencia e porque é extraordinaria. Conseguiu que o seu personaxe fose máis novo e máis fermoso tamén achegando ao filme unha sorte de modernidade. O personaxe de *Félicité* fíxose moderno grazas a ela. Véro mudou os meus plans e ao mesmo tempo fascinoume. Daquela, máis que o feito de que fose unha muller o que mudou a miña maneira de filmar foi o meu encontro con Véro Tshanda Beya. Ademais eu non falo lingala. De súpeto, a barreira da lingua e a natureza diferente de Véro favoreceron o feito de que eu estivese máis á escoita.

Na idea de partida para o título estaba o epónimo? Si. Teño a necesidade de dar cun título antes de comezar un proxecto.

Imaxino que deber ser difícil percorrer un longo camiño e preguntarme ao remate como terá que chamarse o filme. Hai un dobre sentido neste título. *Félicité* é unha canción clásica de rumba congoleña de Joseph Kabalese. Ademais é o nome do personaxe de *Un corazón simple* de Flaubert. E logo, o personaxe sitúase igualmente no corazón do filme. Temos a impresión de que a súa vida é unha sucesión de catástrofes mais ela acaba por iluminarse. E aquí de novo Véro Tshanda Beya conseguiu mudar o filme, convertendo a *Félicité* nunha muller máis guerreira.

Decidiches o tema do filme antes de pensar en Kinshasa? Si. Os puntos

esenciais era que o filme transcorrese nun barrio popular. Quería render homenaxe á poboación desta caste de barrios. De súpeto dei coa música de Kasā Allstars. E iso era exactamente o que quería mostrar da cidade, situada entre a tradición e a modernidade. Porque esta música é tamén rock! Unha formación musical que distorsiona a tradición. Así é como sinto a cidade tal como a vexo hoxe en día.

No filme notamos tamén unha dimensión mística. Penso por exemplo nas escenas nas que vemos a Félicité camiñando pola noite, en pleno bosque. Estas secuencias atravesan o filme. Que significado teñen? Que achega simbólica? É difícil de dicir.

O filme na primeira parte ten unha estrutura dramática clásica. E logo guíase polas sensacións, que collen corpo a través das tradicións existentes na cosmogonía Yoruba, como os Abikus ou

os Manjaks, por exemplo. Pero por riba de todo quería transmitir unha idea propia da cultura africana: o invisíbel e o visíbel dialogan permanentemente. Hai quen ten medo de que se convirta en algo folclórico pero para min é importante asumir que fai parte das nosas vidas. Onde se sitúa verdadeiramente o amor se non é nesa zona inmaterial? Penso que a vocación do cinema, da música, das artes en xeral, é facer resoar eses espazos.

Hai unha certa teatralidade nos personaxes dos teus filmes. Cales son as túas referencias? Cal é a dificultade, se é que a hai, de introducir un elemento teatral no seo dunha longametraxe?

As miñas referencias son múltiples. Antes ca ninguén está Spike Lee. Emprega os diálogos mirando a cámara para falar de si propio... Logo están eses recursos do cinema europeo dos anos 60 cos seus monólogos. Aprecio especialmente a riqueza dos diversos modos de diálogo co espectador. Na literatura, un autor como Sony Labou Tansi, que decidín introducir no filme, introduce variacións na relación co lector bastante persoais. No meu traballo emprego personaxes que falan para a cámara pero a continuación gústame cambiar de mecanismo. Traballar a materia para saber en que momento mudar o punto de vista.

Publicado en <http://afrique.lepoint.fr>
 Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
 Concepción Arenal, 9 baixo
 15702 Santiago de Compostela
 TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónate
 e ven sempre
 por**
4,5€

**Faite
 NUMAX!**